



ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE VALDOVIÑO, CELEBRADA EN DATA VINTE E TRES DE SETEMBRO DE DOUS MIL VINTE E UN.

Expte: 2021/G007/000036

En Valdoviño na Sala de Xuntas da Casa do Concello anexa á Alcaldía, ás nove horas e corenta e cinco minutos do día vinte e tres de setembro de dous mil vinte e un, ten lugar reunión en primeira convocatoria de Xunta de Goberno Local, para celebrar sesión ordinaria. Preside a sesión o Sr. Alcalde, don Alberto González Fernández, e asisten todos/as os seus concelleiros/as: dona Rosa Ana García López, don Sergio Saavedra Gutiérrez, dona Jessica Sabín Fernández e don Alejandro Antonio García Sousa.

Asistidos da secretaria municipal, dona Carlota González Navarro; sesión na que se adoptan os acordos seguintes:

Orde do Día

PARTE RESOLUTIVA

1º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN:

09.09.21

A Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade, aprobou a acta da sesión citada.

2º.- APROBACIÓN DE GASTOS. RELACIÓN DE FACTURAS F/2021/53.-

PROPOSTA DA ALCALDÍA-PRESIDENCIA :

“Elaborouse a seguinte relación de facturas que figura co número F/2021/53 e que se remitiu pola Intervención Municipal. A contía total da presente relación de 15 facturas ascende á cantidade de CENTO DEZAOITO MIL DOUSCENTOS OITENTA E TRES EUROS CON OITENTA E CATRO CÉNTIMOS (118.283,84 €). As facturas que integran a antedita relación figuran como anexo á proposta.

Visto o informe de reparo suspensivo emitido pola intervención municipal en relación á aprobación e pago das facturas incluídas na citada relación.

A Alcaldía, de acordo coas competencias que se atribúen á Alcaldía polo artigo 21, apartado 1.f) da Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, na súa redacción dada polas Leis 11/99 e 57/03,

PROPÓN:

PRIMEIRO.- APROBAR a relación de facturas sinalada, F/2021/53 así como **AUTORIZAR** o correspondente pagamento por importe bruto de 118.283,84 euros.

En Valdoviño, na data da sinatura electrónica

O alcalde:

Asdo. D. Alberto González Fernández (*Asdo. Dixitalmente*)”.

Analizadas pola **Xunta de Goberno Local** as facturas, así coma o informe de intervención, toma coñecemento e mediante votación ordinaria e por unanimidade dos seus membros, **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Recoñecer as obrigas polos gastos derivados das facturas da relación e ordenar o pago das mesmas.

SEGUNDO.- Dar traslado do presente acordo ao departamento dos servizos económicos para o seu coñecemento e trámite.

3º.- EXPEDIENTES DA ÁREA DE URBANISMO.-

Licenza de primeira ocupación

PROPOSTA DE ALCALDÍA

“- **Expte 09/2020.- GUSTAVO LAMAS HERMIDA.-** Para a licenza de primeira ocupación de vivenda unifamiliar sita en Avenida ~~Santa Vixosa~~, parroquia de Valdoviño e que se corresponde co expediente de obras 214/2017, licenza concedida en Xunta de Goberno Local de data 10 de maio de 2018.

Visto o informe do arquitecto municipal de 17 de setembro de 2021 no que conclúe que o edificio executado reúne as condicións establecidas para destinalo ao uso previsto (vivenda) polo que informa **favorable** a licencia de 1ª ocupación,

Esta Alcaldía en uso das competencias atribuídas pola lei 7/1985 de 02 de abril Reguladora das Bases de Réxime Local, propón a Xunta de Goberno Local, a adopción do seguinte **ACORDO:**

Primeiro.- Conceder ó petionario a licencia de 1ª ocupación de vivenda sita na Avenida ~~Santa Vixosa~~ parroquia de Valdoviño, segundo o disposto no artigo 194 da Lei 9/2002, de 30 de decembro, de Vivenda en Galicia, autorizando a posta en uso da vivenda.

Segundo.- Practicaráselle a liquidación (taxa) por expedición de licencia de 1ª ocupación, con importe de 85,95 euros e ICIO 26,49 euros (diferencia entre o presuposto da obra executada inicial e o final, o cal varía de 132.560,00 euros a 133.506,00 euros).

Terceiro.- Notifíquese o presente acordo ao interesado e dese traslado do mesmo ao negociado de Urbanismo para o seu trámite; así coma aos servizos económicos para os debidos efectos.

En Valdoviño, 20 de setembro de 2021.

O alcalde,
Asinado/Alberto González Fernández”

A Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade, aprobou a proposta de Alcaldía antecedente, e por ende a concesión de licenza de 1ª ocupación de vivenda no expte tramitado co núm. 9/2020 correspondente ao expte de obra núm. 214/2017.

4º.- SOLICITUDE DE AMPLIACIÓN DE PRAZO PARA EXECUCIÓN DE OBRA PROXECTO BÁSICO E DE EXECUCIÓN DE DOTACIÓN E MELLORA EN LOCAIS DE USOS MÚLTIPLES EN MONTEFARO E VILABOA.-

PROPOSTA DE ALCALDÍA Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL:

**ASUNTO: Sobre ampliación prazo execución obras
Expte. 2020/C003/000004**

En data 20.09.21 (registro 202199900001527) a empresa EULOGIO VIÑAL, OBRAS Y CONSTRUCCIONES SA a través do seu representante presenta solicitude de ampliación de prazo de obra, da que é adxudicataria: **Proxecto básico e de execución de Dotación e mellora en locais de usos múltiples en Montefaro e Vilaboa**”; expoñendo os motivos do retraso e poñendo de manifesto a interese da empresa en cumprir os seus compromisos, considerando dito retraso por motivos non imputables ao contratista.

En data 27.04.21 formalizouse contrato entre o Concello de Valdoviño e dita adxudicataria que ten por obxecto as obras do proxecto descrito.

O prazo de execución do mesmo, é de catro mes, contados dende a sinatura da acta de comprobación do replanteo de data 27 de maio de 2021; polo que o prazo de execución estimase ata o 27 de setembro de 2021.

No escrito de solicitude de prórroga, alegase problemas de desabastecemento e subministro que está sufrindo o sector da construción e xenerando o retraso na entrega dos materiais, coa conseguinte demora no remate das obras a executar neste intre; así como as condicións climatolóxicas destes últimos meses que non foron as óptimas para a realización de obras relacionadas co pintado da fachada e a carpintería.

CONSIDERANDO que o artigo 195.2 da LCSP dispón que: “ *En caso de retraso en la ejecución por motivos no imputables al contratista, y si éste ofreciese cumplir sus compromisos si se le amplía el plazo inicial de ejecución, el órgano de contratación se lo concederá, dándole un plazo que será, por lo menos, igual al tiempo perdido, a no ser que el contratista pidiese otro menor*”.

Considerando os antecedentes descritos e os preceptos de aplicación, se deduce que quedan acreditados os requisitos necesarios para a concesión da prórroga solicitada,

Visto canto antecede, esta Alcaldía PROPÓN á Xunta de Goberno Local:

Primeiro.- Aprobar a ampliación de prazo de execución das obras de Dotación e mellora en locais de usos múltiples en Montefaro e Vilaboa, solicitada pola adxudicataria EULOGIO VIÑAL, OBRAS Y CONSTRUCCIONES SA, por un prazo de catro meses.

Segundo.- Dar traslado á empresa adxudicataria así coma á Dirección de obra, para o seu coñecemento efectos.

Non obstante a Xunta resolverá o que estime máis convinte.

Asinado dixital polo alcalde.

A anterior proposta de Alcaldía aprobouse pola Xunta de Goberno Local, mediante votación ordinaria e por unanimidade dos seus membros.

5º.-SOLICITUDE DE LICENZA PARA A TENZA DE ANIMAIS POTENCIALMENTE PERIGOSOS, INSTADA POR DONA OLALLA SANTALLA OCARRANZA.-

Proposta de Alcaldía:

“Vista a instancia de dona Olalla Santalla Ocarranza, formulada en data 2 de setembro de 2021, rexistro xeral de entrada núm. 20210000002095 pola que solicita que se lle conceda licenza municipal para a tenza de animais potencialmente perigosos, e examinada a documentación que adxunta á mesma, así coma comprobado o padrón municipal de habitantes, no que aparece inscrita.

Tendo en conta pois, que a solicitante, atópase empadroada neste concello, e que se aporta toda a documentación requirida na normativa que regula a tenza de animais potencialmente perigosos na Comunidade Autónoma de Galicia, que consta no expediente da súa razón.

Esta **ALCALDÍA** en uso das competencias atribuídas polo art. 21 da lei 7/1985 de 02 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, propón á Xunta de Goberno Local, a adopción do seguinte **ACORDO**:

Primeiro.- Conceder licenza para a tenza de animais potencialmente perigosos a dona **OLALLA SANTALLA OCARRANZA** cunha validez de **CINCO ANOS** dende a data da notificación, debendo ser renovada ao remate de cada período, previa xustificación de que se seguen cumprindo os requisitos que se esixiron á interesada como documento acreditativo desta concesión.

Segundo.- Notificar o presente acordo a interesada para o seu coñecemento e efectos oportunos; debendo constar ao dorso da notificación as obrigas que deben cumprir os titulares da licenza e realizar os demais trámites precisos derivados do acordo.

ASINADO ELECTRÓNICAMENTE POLO SR. ALCALDE”

Vista a anterior proposta de Alcaldía, a Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade dos seus membros, acordou a súa aprobación.

PARTE DE ACTIVIDADE

6º.- ROGOS E PREGUNTAS.-

Non se formulou nengún rogo nen pregunta.

Sen nengún outro asunto a tratar, cando son as dez horas e quince minutos, a Presidencia levanta a sesión, da que coma Secretaria, estendo a presente acta e CERTIFICO o seu contido.

Documento asinado electrónicamente pola secretaria municipal e polo alcalde